









O ceo dos afogados

Francisco Castro

XERAIS





FICHA TÉCNICA

Título: *O ceo dos afogados*
Autor: Francisco Castro
Editorial: Edicións Xerais de Galicia
Colección: Fóra de Xogo
Nº páxinas: 192
ISBN: 978-84-9782-654-9



O AUTOR


FRANCISCO CASTRO (Vigo, 1966)

Colaborou como articulista en *Atlántico* e *Luzes de Galicia*.

Na actualidade traballa na xestión cultural e na comunicación. É director do Taller Literario Caixanova e do Taller de Poesía Caixanova, así como Coordinador de Novos Proxectos da Editorial Galaxia.

Leva publicados *Amor de cinema*, *Play-Back* (que resultou Premio Lueiro Rey de Novela Curta 1997), *Spam* (Premio Blanco Amor de Novela 2006), *As palabras da néboa* (Premio de Novela Manuel García Barros 2007), os libros de relatos *A outra banda da fiestra*, *A canción do náufrago*, *Xeografías*, *Memorial do infortunio* e *Xeración perdida* en literatura de adultos. Tamén obtivo o Primeiro de Xornalismo Manuel Reimóndez Portela e o premio de poesía O Facho. Para mozos e mozas conta coa obra *Río Leteo* e *Un bosque cheo de faias*. Del é o blog «A canción do náufrago» (<http://www.blogoteca.com/franciscocastro/>).





O LIBRO

Esta novela xuvenil resultou finalista do Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2007.

No relato encadéanse diferentes cadros que conflúen nun feito: todos os golfinhos do mundo se congregan en determinados puntos; á mesma hora páranse e comezan a emitir unha mensaxe que alguén poderá descifrar; colocados en círculo, fican coma durmidos ou afogados esperando algo.


Para que ese algo teña lugar será necesaria a actuación de determinadas persoas que, seguindo as instrucións dos animais, evitarán que a Terra avance nun deterioro que poida resultar irrecuperable.

Nesa empresa colaborarán científicos pouco convencionais, empregados honrados, nenos diferentes cun don para entenderse cos animais... Á fin, xente valente e disposta a actuar.



TEMAS E VALORES

- *Medio ambiente:* a natureza e a relación que a humanidade establece con ela.
- *A contaminación.* Empresas que verten veneno aos ríos.
- *O mundo da ciencia.*
- *A relación cos animais.*
- *Persoas diferentes.* Distintas síndromes e capacidades.
- *A psiquiatría.* Enfermidades mentais e as súas terapias.
- *Os golfinhos.* Nadar con delfíns. Delfinoterapia.



ACTIVIDADES

* A proposta de actividades que segue xorde das múltiples posibilidades de xogo arredor do texto. Nunca deben ser tomadas dun xeito que non sexa simplemente a apertura dun abano de posibilidades para comprendelo algo mellor, darlle voltas, repensalo...

Cada mediador deberá escoller aquelas actividades que lle resulten máis interesantes tendo en conta os intereses que o guían, ou creará as súas propias en base ás que se deseñan a seguir.

En calquera caso, o máis importante dunha historia é lela e comentala. Realizar algunha actividade en torno a esta lectura debe ser, en todo caso, complementario do anterior, pero nunca debe ocultar o obxectivo principal: ler e gozar da obra.

ANTES DA LECTURA:

- Co libro na man anticiparemos o seu contido. A medida que observamos as capas imaxinaremos de que pode tratar e o que podemos atopar nel.
- Atenderemos ao que nos suxira o título e a ilustración da portada. Xogamos coa imaxe do ceo no mar e o mar no ceo.
- A lectura da contraportada axudaranos a adiantar o seu argumento. Deixamos que vaian afloando os coñecementos previos acerca deste tema, falamos doutros libros que nolo lembren.
- Identificamos o autor e comentamos o que saibamos acerca del; podemos axudarnos coa lectura do apartado que leva o título «O autor»; podemos localizar outros libros da súa autoría, facer unha busca na rede para localizar entrevistas e novas en relación a el.
- Podemos falar da colección, doutros títulos que coñezamos e da opinión que nos mereceron. Revisamos o apartado «Últimos libros da colección» e pensamos en comentar cales nos apetecería ler.
- Comentamos as expectativas que temos acerca deste libro.
- Imaxinamos unha historia con este título. Pensamos en como será o ceo dos afogados ou o mar dos asfixiados... Cando atopemos o significado no texto veremos ata onde nos aproximamos nas nosas anticipacións.

AO LONGO DA LECTURA:

- Lemos a dedicatoria e o agradecemento. Comentamos o que nos chama a atención en cada unha delas, a razón pola que se pode chamar a alguén «bibliotecario da Lúa», e pensamos noutros títulos bibliotecarios que lle daríamos a algunha persoa que coñezamos.
- «O pracer de lermos xuntos» podería ser o título dun texto que, talvez, queiramos escribir.
- Comentamos as citas de Manuel Antonio, comentamos algo acerca deste poeta ou buscamos información acerca da súa biografía e obras.
- Paréceche que os versos dun poema son un bo lugar para buscar títulos de obras? Seguindo este método, cales escollerías como porta de entrada a un texto?
- Ao longo da lectura iremos identificando quen narra a historia en cada un dos apartados. Comentaremos se é sempre a mesma voz ou vai cambiando.
- Seleccionamos aqueles fragmentos que nos interesaron máis para poder compartilos máis tarde cos compañeiros.
- Despois de ler as dúas partes nas que se divide a obra. Poñémoslles cadanseu título.
- Observamos o ton e o ritmo no que se vai desenvolvendo o relato e comentámolo. Vemos se cambia ou se mantén ao longo da lectura.

- Escribimos unhas pequenas notas coas que ir situando cada unha das accións que conforman o relato, logo poñémolas en común e consensuámolas entre todo e a todas.
- Tentamos descubrir o tempo no que se desenvolve a historia.
- Situamos xeograficamente todos os lugares que se citan no texto. Confirmamos a veracidade dos datos que se achegan acerca de meridianos e paralelos.
- Ao longo do relato van aparecendo diferentes escenarios: a plataforma petrolífera, a delfinario da cidade, o monte polo que camiñan os lobos, o mariñeiro na Isla de los Pinos, a residencia de Michael Junk... Podemos ilustrar cada un deles por medio de debuxos.
- Explicamos as frases, tendo en conta que podemos estar en desacordo con estas afirmacións e tamén que está na nosa man relacionalas coa nosa experiencia persoal:
 - «Co espanto como única prenda.»
 - «Ás veces méteseche dentro un pensamento ruín.»
 - «O medo é o pai da prudencia.»
 - «Non era animal nin cousa e viaxaba polo fondo do mar a unha velocidade increíble.»
 - «Quizais soñou que quizais soñara e que aquilo non estaba pasando.»
 - «Co medo non se come.»
 - «O terapeuta non ten terapia contra a culpa.»
 - «A loba ouveulle ao home todo o seu desprezo.»
 - «Jonathan é un enigma. Un xe.»
 - «Falaba para a nada, para o baleiro.»
- Comentamos como será a vida e o traballo nunha plataforma petrolífera. Tras revisármolo texto, observaremos as diferentes nacionalidades do traballadores que forman ese equipo humano e sacaremos as nosas propias conclusións.
- Localicemos recursos literarios no texto, ao estilo de «As redes caeron nas augas igual que as colchas caen sobre a cama», «A noite botóuselle enriba»...
- Recollemos aquelas palabras que nos resultan algo difíciles para poder completar o seu significado entre todos. Poden ser do estilo de megalómano, pseudociencia, polinomio, psicofonías, parámetros, esoterismo, telequinesia, paranoia, extrasensorial, histriónico, integrais, derivadas, díxitos, funxicidas, mesianismo...
- Explicamos as seguintes siglas: CIA; NASA; ADN; SIDA; DDT; CSI...
- Jonathan ten un problema que os médicos non poden diagnosticar. Isto supón que ha de pasar por diferentes diagnósticos e tratamentos, ser derivado duns a outros especialistas, de forma sucesiva, ata chegar ao punto de aceptar que se descoñece cal é a súa diferenza. Se ter calquera síndrome é complicado, ter unha descoñecida debe selo máis, como pode verse no seguinte texto: «Sen diagnóstico non hai tratamento, nin liñas de investigación, nin especialistas nin recursos». Comentemos esta situación entre todos.
- Nestes casos, as familias chegan a un punto de desconfianza que pode advertirse na pregunta de Rafael «Quererán experimentar á conta do meu fillo?»; ou naqueloutra denominación de estafadores e aproveitados coa que cualifica aos terapeutas. Opinemos ao respecto.
- Alguén pode recoller os nomes das síndromes e enfermidades que aparecen no texto e buscar información acerca delas, cales son os seus síntomas, que porcentaxe de poboación as padece, cal é a terapia que se utiliza con elas...
- Localicemos nomes de terapias: delfinoterapia, musicoterapia, psicoterapia... Expliquemos en que consisten.
- Explicade a frase feita «Matar moscas a canonazos». Busquemos outras e expliquémolas tamén.
- Jonathan ten unha relación moi boa cos animais. Aínda que acotío non establecemos uns lazos tan fortes coas nosas mascotas ou animais cos que nós convivimos dalgunha maneira, todos e todas temos algunha experiencia que poderemos contar ou redactar.
- Comentemos as seguintes afirmacións, mostrando o noso acordo ou desacordo e relacionándoo con algunha experiencia propia:
 - «Porque cando xa estás derrotado, fracasar de novo non importa.»
 - «Se falo, chorarei, ou crebaráseme a voz, notaráseme a emoción.»

— «A xenética permítenos sobrevivir a través dos acenos dos fillos, a través dos seus ollos, a través da cor da pel. A súa nai, dalgunha maneira vivía en Jonathan.»

— «Porque cando manda o medo, a razón non vale para nada.»


- Na novela podemos atopar un léxico que conforma campos semánticos moi interesantes como o da química, a contaminación...
- Nesta frase de Rafael semella concentrarse a preocupación dos pais: «E teño medo de como lle irá máis adiante cando eu non estea». Opinemos acerca do futuro das persoas que teñen algún tipo de dificultade engadida.
- Imaxinemos como serán as barcas desa Isla de los Pinos e vaíamos deseñando cada un a súa.
- Analicemos na obra a posible diferenza que pode haber entre os científicos e os xornalistas no tratamento da información do estraño fenómeno do movemento dos golfinos. Semella que os científicos aceptan que descoñecen as causas e piden prudencia, mentres os xornalistas están dispostos a inventar calquera cousa que pareza verosímil, «Do que se trata é de ter a audiencia sometida ao feitizo da televisión e sempre aparecerá alguén disposto a afirmar, cun micro na man, que sabe o que pasa». Este é un tema para debater, para analizar primeiro o que se recolle no relato e para opinar relacionándoo con noticias ás que tivemos acceso.
- Podemos comentar, tamén, as diferentes maneiras de dar unha noticia, de xeito alarmante, dramático, frívolo...
- Outro tema interesante para buscar información, comentar e debater, será a incomunicación entre os adolescentes e os pais, as causas e razóns, así como a solución que finalmente se atopa.
- Contesta:
 - Cantos anos ten Jonathan?
 - Onde cres que vive?
 - Que pasou coa súa nai?
 - Cales son os trazos do comportamento de Jonathan que non resultan convencionais?
 - Existe a páxina web <http://www.cienciaalternativa.org?>
 - E <http://www.comofalanosdelfins.org?>
 - Hai diferenza entre o xeito de entender Jonathan a mensaxe dos delfíns e a de Michael Junk?
 - Que noticia escribirías ti baixo o epigrama de «A revolución animal»?
 - O científico é quen de relacionar coordenadas espaciais con coordenadas temporais: como o fai?
 - Que se quererá dicir cando se fala de mínimo impacto ambiental?
 - Que son os fusos horarios?
 - E Google?
 - E o meridiano de Greenwich?
 - Quen era Pitágoras?
- Jonathan sabe que os delfíns o chaman e entende de maneira intuitiva a súa mensaxe.
- Acheguemos algún dato acerca das seguintes referencias recollidas no relato: a Atlántida, o período Mesozoico, o Triángulo das Bermudas...
- Un episodio que nos lembra algunhas noticias ás que de vez en cando accedemos é o da expedición en California, para achegarse ao círculo dos golfinos, que baixo a forma de iniciativa científica agacha o antollo dos ricos que cren poder acceder a todo, e o fan contra a opinión dos expertos. Este pode ser un motivo para que intercambiamos opinións respecto ao poder dos cartos.
- Outro episodio que pode traernos ao recordo outros temas de actualidade é a desaparición de Jonathan, que se relaciona –tamén no texto– coa desaparición de adolescentes. Realicemos un intercambio de opinións respecto a esta temática.
- O mundo é realmente complexo, mentres uns están dispostos a seguir contaminando para afortalar cartos e facerse cada día máis ricos, outros maniféstanse na defensa da biodiversidade. Opinemos respecto a esta realidade e onde nos situariamos nós.
- Cando o relato se sitúa na reunión que ten lugar na fábrica atopamos unha serie de denominacións que poden chamar a nosa atención: Director Xeral, Xunta Directiva, Xefe de

Recursos Humanos, Sala de Xuntas, Ministerio de Medio Ambiente, Consellería de Medio Ambiente... «Xoguemos» con eles, explicando o que hai detrás de cada un, relacionándoos con outros que coñezades, pensando cal vos parecería máis adecuado para darlle nome a un grupo musical.

- Probemos a xogar cos números tal e como se fai no texto, engadindo números e/ou idiomas:
 - Dous, 2, deux, two.
 - Catro, 4, quatre, four.
- Tentemos contestar as preguntas que formula Rafael na páxina 177 e 178.
- «Cinco anos máis tarde». A novela, ao remate, cóntanos como está a situación cinco anos despois de ter sucedido o episodio principal da trama. Que che recorda este recurso?
- Expliquemos as últimas palabras que o autor pon na voz de Rafael:
 - «Como home de ciencia que son, só pododo facerme preguntas.»
 - «Oxalá entendésemos –os homes– que nós e eles (os animais) estamos no mundo, no mesmo mundo, xuntos e que non temos dereito a estar sobre eles.»

DESPOIS DA LECTURA:

- Ilustra a seguinte imaxe: «A estrutura metálica comezou a renxer e a berrar coma se estivese a pique de rachar por mil sitios». Ou aquela na que se conta que a neve se vai tinguindo co sangue da loba.
- Observemos as referencias que aparecen na obra respecto a situacións dos últimos anos, como a caída das Torres Xemelgas, outras de personaxes contemporáneos como Bush... Comentémolas.
- Tal vez cando o pai de Jonathan se refire a el como «El é o meu pequeno salvaxe, o meu pequeno animal» queira que o relacionemos con algunha referencia cultural. Seremos quen de facelo?
- Case a modo de conclusión, ao final da obra, Rafael vainos contando o que aprendeu nos últimos anos. Fagamos un esforzo de síntese para recoller estas ensinanzas nas mínimas palabras.
- Semella que nesta historia, unha vez máis, son só os rapaces e rapazas –incluso aqueles que teñen algún tipo de problemática– os únicos capaces de escoitar a natureza, a fantasía... os mundos que andan correndo riscos. Serán eles quen os salven, tal como sucedeu noutras historias que debemos lembrar e comentar entre nós.
- Mostra de maneira esquemática o argumento da novela, a través dun fío argumental.
- Se esta obra nos gustou podemos animarnos a ler outras deste mesmo autor, ou algunha outra obra cunha temática parecida.
- Unha vez lida a novela expliquemos cal pode ser a razón do título. Comentemos entre todos qué outros nos parecerían adecuados para esta historia.
- Escribimos unha dedicatoria para este libro.
- Esta podería ser unha boa historia para pasar ao cine. Imaxinemos como facelo, que música poñerlle, por onde comezar a rodaxe, que actores e actrices poderían representar os personaxes...
- Internet é a biblioteca que está máis alá das paredes coñecidas, a través dela accedemos aos documentos que non podemos tomar nas mans. Así nolo demostran as personaxes que buscan datos e mapas na rede. Ademais, convértese nunha grande editora, que pon en combinación obras, autores e lectores. Desenvolvamos estas ideas!
- Podemos escribirlle unha carta ao autor comentándolle a nosa opinión sobre este libro e suxeríndolle outros temas que podería tratar.
- Realizamos unha posta en común, para comentar a nosa opinión sobre o texto.
- Identificar os valores que defende o autor.
- Podemos realizar un cómic con este argumento.
- Relacionamos a novela con outras obras literarias e con algunha película.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15009 • A Coruña
Telf.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2008
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2008
Depósito legal: VG 610-2008